

BURGUESÍA E DIVERSIFICACIÓN ECONÓMICA. ALGÚNS EXEMPLOS RELATIVOS Á PRODUCCIÓN DIRECTA DE VIÑO NA VILA DE PONTEVEDRA NO SÉCULO XIX*

FELIPE CASTRO PEREZ
LDO. EN HISTORIA.

Resumen

Este artigo busca un maior coñecemento sobre as actividades económicas das clases medias galegas do século XIX. Neste contexto tentamos explicar a función da explotación directa do viño.

Abstract

This article is looking for a main knowledge about economic activities of the galician middle class of the Nineteenth Century. Within this context we're trying explain the function of the wine direct exploitation.

Nas seguintes liñas tentaremos achegarnos a un dos momentos máis cruciais dentro da historia da viticultura en Galicia na época contemporánea, a primeira metade do século XIX, a través da análise do patrimonio e dos comportamentos de tres familias da burguesía urbana da vila de Pontevedra cunha característica en común: ser posuidores de granxas máis ou menos importantes de viñedo, traballadas directamente por eles a través de xornaleiros e cun produto que se comercializaba na antedita vila.

En Galicia existen zonas nas que o viño foi ó longo do tempo o principal recurso. Comarcas como O Ribeiro presentan unhas características específicas na súa estrutura agraria e social determinadas por unha tendencia cara ó monocultivo vitícola. É lóxico que á hora de reconstruír o pasado os historiadores prestasen unha maior atención ó desenvolvemento e características da viticultura nestes espazos, deixando ermo o estudio do viñedo dentro doutras comarcas sen tanta tradición, nas que o viño foi só un recurso complementario.

Para mitigar nalgunha medida este valeiro decidimos centrarnos na análise do que aportaba o cultivo do viñedo a esta pequena representación das clases urbanas dominantes

* Este traballo foi realizado dentro do proxecto de investigación "A historia da cultura vitivinícola na zona do Ribeiro, Rías Baixas e Valdeorras" concedido pola Universidade de Vigo na convocatoria do ano 2000.

en zonas marcadas pola diversificación económica e nunha etapa que oscila entre a forte permanencia de estruturas económicas procedentes do Antigo Réxime e a lenta introducción de formas económicas novas no camiño do capitalismo.

Para introducirmos no noso tema debemos partir dos estudos sobre a viticultura no século XVIII realizados polos modernistas.

O principal tema de debate xorde da diverxencia de opinións entre os que consideran ó Século das Luces como unha etapa de clara expansión vitícola e aqueles outros que, pola contra, non ven nin tantas luces nin tantas vides, caracterizando ó XVIII como un século de estancamento, cando non de contracción.

As obras que consideran a centuria do setecentos como unha etapa de clara expansión arrancan dos traballos pioneiros de Antonio Meijide Pardo (1961) e Alain Huetz de Lemp (1967), que aceptaron as teses dos escritores ilustrados (Pedro Antonio Sánchez, o Pai Sarmiento, Lucas Labrada...).

Para eles a forte expansión da vide por toda Galicia, unida á perda dos mercados exteriores, ocasionaron unha sobreproducción que colapsou ó mercado galego, levando á decadencia das áreas de monocultivo vitícola tradicional. Basta con reler as primeiras liñas de "La viticultura gallega en el siglo XVIII", principal traballo de Antonio Meijide sobre o tema: *"Sin duda uno de los capítulos más interesantes de la historia económica de Galicia, lo define el sorprendente desarrollo del plantío vitícola durante el siglo XVIII"* (Meijide Pardo, 1961, 3).

As causas deste crecemento do viñedo serían:

1. - A gran expansión demográfica que, segundo estes autores, se estaba a producir.
2. - O feito de que exceptuando ás provincias de Tui e Ourense as outras cinco eran claramente deficitarias no seu abastecemento de viño, o que xeraba unha boa conxuntura mercantil.
3. - O inmovilismo e falta de adaptación do labrego ante as circunstancias adversas¹.

O problema non se superaría unha vez traspasado o límite do século XIX. De feito, segue a ser un tema recorrente en escritos de autores destes anos a necesidade de decepar as zonas litorais para plantar cereais e, previo fomento dos camiños, acadar unha nova etapa de esplendor para os viñedos do interior (Casares, 1843, 24).

Alain Huetz de Lemp a través de distintos vieiros, xa non tan baseados nos escritos dos autores ilustrados, chega a conclusións semellantes. Por medio da análise dos expedientes de facenda fala de estancamento nalgunhas zoas do litoral pontevedrés na primeira metade do século, pero propón como causas razóns de tipo climático (Huetz de Lemp, 1967, 432- 433), defendendo pola contra unha segunda metade da centuria de franca expansión a costa do millo (Huetz de Lemp, 1967, 254- 255).

No XIX a produción continuaría a ser importante, aínda que baixarían as vendas cara ós centros urbanos do norte. Hai que ter en conta que este autor, sen ningunha dubida o gran introdutor do tema da viticultura na historiografía galega e que nalgúns aspectos aínda non foi superado, estaba máis preocupado pola xeografía e tipoloxía do viñedo e polas técnicas de cultivo e vinificación que polo estudio serial da produción².

¹ O seguinte fragmento é moi expresivo respecto á visión de Antonio Meijide sobre as posibilidades do labrego para responder ante unha conxuntura negativa: "Poco le importó a la ruralia, rutinaria e ignorante, el que semejante estructura agraria lesionara gravemente sus propias necesidades alimenticias" (Meijide Pardo, 1961, 11)

² Hai outros autores que tamén defenden esta tese da expansión do viñedo no XVIII e na primeira metade do XIX. García Fernández afirma que o viñedo pontevedrés, fundamentalmente o viñedo do Baixo Miño, viviu a súa gran etapa de expansión no século XVIII. As razóns que propón son moi parecidas ás dos autores anteriores: o viñedo en Galicia aumentaba a súa extensión cando se producía un incremento demográfico (García Fernández, 1975: 305-307). Para García Lombardero (1973, 52) e De Juana e Limia Jardón (1980) o auxe do viñedo na Ribadavia do XVIII e o aumento da poboación irían unidos..

Contra esta reconstrucción do século XVIII saíran na década dos setenta os discípulos de Antonio Eiras Roel desde a Universidade de Santiago de Compostela. Por medio dunha metodoloxía fundamentalmente serial invertiron as conclusións dos autores anteriores. Destacar as monografías de José Manuel Pérez García sobre o Salnés (1979), Hilario Rodríguez Ferreiro sobre O Morrazo (1981) e a Trasdeza (1973), Ofelia Rey Castelao sobre a comarca do Ulla (1981), Baudilio Barreiro Mallón sobre Xallas (1972) e Pegerto Saavedra Fernández sobre a provincia de Mondoñedo (1985).

Un dos exemplos máis logrados, e que por riba se refire a unha comarca vitícola moi próxima ó noso obxecto de investigación, témolo no traballo de José Manuel Pérez García sobre a península do Salnés. A evolución que propón difire substancialmente das anteriores, cun século XVII de lixeira expansión que se corta no 1680, nun contexto de crise demográfica, de caída dos prezos vitícolas e de desfase destes fronte ós cerealeiros. No século XVIII e a principios do XIX continúa o retroceso do viñado (Pérez García, 1979, 178- 179). Como sinala o autor *"a un siglo XVII en que el vino ha gozado de una posición favorable por sus altos precios que condicionan un fuerte estímulo para las plantaciones, sucede un siglo XVIII en que el cereal es preferido al vino"* (Pérez García, 1979, 272). Os prezos do viño recuperaríanse lixeiramente con respecto ós do millo na primeira metade do XVIII, pero rematan totalmente descolgados na segunda metade dese século e no primeiro tercio do seguinte. Á depresión dos prezos debemos engadir factores de comercialización e de presión demográfica (Pérez García, 1979, 273). En realidade trátase dun modelo de crise vitícola por afondamento dos prezos similar, aínda que en menores proporcións, ó amosado por Ernest Labrousse para Francia ou por Pierre Vilar para Cataluña (Labrousse, 1973; Vilar, 1962).

Outro traballo básico, este xa máis próximo no tempo, é o realizado por Pegerto Saavedra en 1992 baixo o título "La economía vitícola en la Galicia del Antiguo Régimen". Saavedra analiza as contabilidades de varias institucións relixiosas representativas de distintos marcos xeográficos galegos nos que se produce viño. O movemento da produción que propón é similar ó establecido por Pérez García: estabilidade ata 1750, lixeiro retroceso ata a última década do XVIII e, a partir dese momento, derrubamento das curvas. A pesar dunha lixeira recuperación despois de 1815, na década dos anos vinte do século XIX o viñado seguirá atravesando por serias dificultades (Saavedra Fernández, 1992, 128- 130).

Outros autores que optan por ofrecernos un século XVIII de estancamento, cunha fase final de forte crise, son Gonzalo Anes (1967) e Abel Bouhier (1979).

Unha mostra das dificultades polas que atravesaron os viticultores no paso da modernidade á contemporaneidade témola no feito de que por todas partes se desenvolvan os cultivos complementarios ó viño. Por exemplo, no priorato que Oseira tiña en Santa Cruz de Arrabaldo a colleita de millo multiplicase por seis (Rionegro Fariña, 1992, 149).

Sen embargo, o estudio comparativo de diferentes marcos comarcais serve a Pegerto Saavedra para observar como estas conclusións son válidas para O Ribeiro, As Mariñas e as zonas vitícolas do litoral pontevedrés, pero non para outros espazos, como a conca do Sil, onde na segunda metade do XVIII se acadan os niveis máis elevados de produción (Saavedra Fernández, 1992, 138). Esta evolución tamén semella rexistrarse noutras comarcas de Lugo (Huetz de Lempis, 1967, 241 e ss.; García Lombardero, 1973, apéndice gráfico e Eiras Roel, 1987).

En terras de Chantada Ramón Villares, por medio dunha sondaxe nos protocolos notariais, constata a finais do XVIII un aumento do espazo cultivado, protagonizado principalmente polo viñado e que afecta, sobre todo, ó sotobosque. As viñas e soutos con destino a viñas era o obxectivo fundamental das terras cedidas en subforo. Pola contra, no século seguinte temos un descenso relativo e absoluto do terreo destinado a viñado, en beneficio da dedicación pratense (Villares, 1982, 192- 194).

Para o estudio da evolución da produción na primeira metade do XIX habería que destacar sobre todo un artigo de Luís Domínguez sobre as crises vitícolas no Ribeiro

contemporáneo. A primeira das crises analizadas é a ocasionada pola caída dos prezos no ciclo 1836- 1846. Como causa sinálase a forte baixada dos prezos posterior a 1817, consecuencia das fluctuacións económicas europeas do período postnapoleónico, e as dificultades de venda no mercado galego pola proliferación do viñedo por todo o territorio. A crise foi afrontada gracias ó papel das grandes Casas como redistribuidores da renda a través dos xornais, a expansión do millo e a introducción das patacas e a chegada da estrada Vigo- Villacastín (Domínguez Castro, 1995).

Santos Solla, por medio da lectura de Casares e dos informes da "*Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*", tenta demostrar que na primeira metade do século pasado asistíuse a unha expansión da vide. As cepas en terras doutros cultivos en zonas próximas ós centros de demanda explícanse pola necesidade de comerciar, consecuencia da monetización crecente da economía galega, causada pola necesidade de numerario para pagar os impostos esixidos polo novo Estado Liberal (Santos Solla, 1992, 74- 75).

En realidade este argumento tómase dos traballos que a finais da década dos setenta e principios dos oitenta realizaron María Xesús Rodríguez Galdo e Fausto Dópico (1978, 400).

A mediados do século XIX produciuse un gran xiro dentro da historia do viñedo galego, con dúas causas fundamentais: a aparición das pragas criptogámicas (oidium, mildew e filoxera) e o desenvolvemento dos medios de transporte modernos.

Luís Domínguez estudíouos efectos económicos e sociais no Ribeiro por medio da análise de dous dos patrimonios rendistas máis importantes da comarca: os Pardo e os Meruéndano. Describe as consecuencias do oidium: unha drástica redución das colleitas, necesidade de introducción de novas tarefas (enxofrado) e aumento dos días de traballo e dos custes de produción (Domínguez Castro, 1992 e 1995).

Para o estudio da incidencia desta crise na provincia de Pontevedra é necesario subliñar de novo os traballos de Santos Solla (1992) e de María José Rodríguez e Fausto Dópico (1978). Estes últimos poñen en relación a necesidade de monetización da economía, a mala situación económica do labrego como consecuencia dos elevados impostos e a incidencia das pragas sobre o viñedo e sobre as persoas, cos brotes de cólera e coa emigración. Os principais problemas do labrego galego serían o oidium e a contribución (Rodríguez Galdo e Dópico, 1978, 400).

Respecto ó desenvolvemento dos medios de transporte modernos, a chegada dos camiños de ferro non provocou a desaparición dos modos tradicionais de comercio, senón só un cambio de dirección do tráfico e unha diminución das distancias recorridas. A carreta e a besta de carga convértese en auxiliares da vía férrea. O camiión, xa no século XX, afectará nunha medida moito maior ós desprazamentos locais (Domínguez Castro, 1992, 206 e 131- 132; Huetz de Lemps, 1967, 853- 854).

Existiron dúas opinións maioritarias na Galicia do século XIX sobre a repercusión que tería a chegada do tren no comercio de viños:

- 1.- Permitiría a entrada masiva dos viños ourensáns nas costas, o que levaría ó dexepe dos viñedos litorais.
- 2.- En opinión da maioría dos produtores facilitaría a chegada masiva de viños casteláns.

Na realidade ningún destes supostos se cumpriu totalmente. Hai que ter en conta o gusto dos consumidores das zonas litorais e as campañas contra os viños foráneos para evitar o problema da falsificación dos viños autóctonos.

Este é o contexto no que imos situar a nosa investigación, o medio século que vai desde a entrada na modernidade á chegada, nos anos cincuenta do XIX, das pragas criptogámicas e, algo máis adiante, do ferrocarril.

Buscamos no fondo de familias privadas do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (A.H.P.PO) e tamén nos protocolos notariais da época custodiados no mesmo arquivo documentación referente a Casas do entorno das Rías Baixas dedicadas á produción directa de viñedo.

Unha primeira conclusión ten máis que ver con propio proceso de busca que cos resultados posteriormente ofrecidos polas familias atopadas. Neste momento histórico resulta realmente complicado atopar dentro dos sectores sociais privilexiados da Galicia occidental algunha inclinación á produción directa de viño. Ademais, e tal como iremos vendo, alí onde a atopamos nunca resulta ser, nin de lonxe, a principal actividade económica dunhas familias cuns intereses realmente diversificados.

Pasando xa á presentación dos nosos protagonistas ímonos mover dentro da clase social da burguesía, máis ou menos apegada á terra pero nunca totalmente desligada dela. Atopamos tres familias con inclinación cara ó negocio do viño. Dúas, os Suárez Covián e, sobre todo, os Franco, eran importantes comerciantes da vila, como veremos moito máis orientados cara á cidade e cara ás formas económicas capitalistas que cara ó campo e ó Antigo Réxime. No extremo oposto a familia Valladares representa un típico exemplo de familia da burguesía rural sen ningún contacto nin co comercio nin coa industria, con ingresos rendistas e ingresos procedentes da explotación directa.

Todas, aínda que cada unha na medida das súas posibilidades e dentro do seu contexto, presentan unha característica común máis importante que a de ser produtoras de viño: a diversificación das súas actividades económicas

Resulta moi complexo definir á familia Franco. En primeiro lugar porque cando pousamos os focos sobre ela nin tan sequera era unha familia nuclear, tratábase dunha compañía familia, a que estableceran D. Juan Antonio Méndez, comerciante de panos, e a súa dona, Dona Josefa Fernández, coa súa filla, Dona Francisca Méndez, e o seu marido, D. José Ramón Franco³.

Os petrucios vellos tiveran outro fillo, D. Juan Antonio Méndez, mentres D. José Ramón Franco e Dona Francisca Méndez procrearon dez vástagos, esnaquizando o importante patrimonio que conseguiran acumular, primeiro en dúas partes desiguais a favor dos Franco e, logo, a parte destes en dez anacos absolutamente iguais. Os xéneros da tenda, as fábricas de salazón, os barcos e o instrumental de pesca, as débedas activas, as importantes reservas de madeira, a colleita de viño... todo foi repartido en dez pouco viables partes iguais. Un bo exemplo do que unha inadecuada política familiar pode facer cunha Casa con pretensións de hexemonía social.

No cadro I observamos a importancia do patrimonio que conseguira acumular a compañía familiar dos Méndez- Franco e a diversificación das súas actividades productivas.

Vemos como estes burgueses de Pontevedra eran comerciantes de panos e, sobre todo, prestamistas. Inician con D. José Ramón Franco unha participación no negocio da

³ "Delos referidos ochocientos mil trescientos diez y siete rs. con siete maravs., cantidad líquida en que ha quedado dho. Ymbento., se rebajen de el en primer lugar, doscientos cinquenta y ocho mil trescientos dos rs. con siete maraves; cantidad considerada y como propia del Dn. José Ramon Franco y D^a. Franca. Mendez en razon del ganancial y aumtos., asi por ellos insolidum como por los de la compañía que hicieron con dichos petrucios antiguos (...) pr. el largo tiempo que han subsistido estos bienes sin dividir y la falta de balances é inventarios, no es posible hacer esta operación en el día de otra forma". "Ynbentario dela herencia de D^a. Franca. Mendez, viuda de Dn. José Ramón Franco hecho pr. sus albaceas bajo las facultades que les concedio pr. su testamento, con la aprobación dela autoridad y eleccion de tutores y curadores para el juicio divisorio, 1829". Prot. García, legaxo 1503 (1829). A.H.P.PO. Don Juan Antonio Méndez e Dona Josefa Fernández outorgaran testamento o 24 de abril de 1808. Nel declaran que Dona Francisca e D. José Ramón Franco casaran en 1798, manexando este desde entón o comercio que xa tiñan "con la actividad y afan que es devido, el qual fue en mucho aumento". Melloran a Dona Francisca e Don José Ramón coa casa principal. "Ynbentario dela herencia de D^a. Franca. Mendez, viuda de Dn. José Ramón Franco hecho pr. sus albaceas bajo las facultades que les concedio pr. su testamento, con la aprobación dela autoridad y eleccion de tutores y curadores para el juicio divisorio, 1829". Prot. García, legaxo 1503 (1829). A.H.P.PO

CADRO I. RESUME XERAL DOS BENS DA COMPAÑÍA FAMILIAR MÉNDEZ- FRANCO, 1829.

TIPO DE BENS	VALORACIÓN, en rs.	PARTICIPACIÓN PORCENTUAL, en %
Fincas	179.079	20,90
Casas	164.081	19,14
Total bens inmoables	343.160	40,04
Débedas activas	345.017	40,06
Xéneros do comercio téxtil	63.835	7,45
Enseres das casas	59.701	6,97
Barcos e instrumental de pesca	23.202	2,71
Xoias	9.573	1,12
Bens das granxas a viñedo	9.446	1,10
Colleita cereal	2.176	0,24
Diñeiro en efectivo	996	0,11
Total bens mobles	513.916	59,96
TOTAL	857.076	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir de "Ynbentario dela herencia de D^a. Franca. Mendez, viuda de Dn. José Ramón Franco hecho pr. sus albaceas bajo las facultades que les concedio pr. su testamento, con la aprobacion dela autoridad y eleccion de tutores y curadores para el juicio divisorio, 1829". Prot. García, legaxo 1503 (1829). A.H.P.PO.

salazón de peixe que, polo que sabemos do reparto da herdanza, non tivo

CADRO II. DISTRIBUCIÓN DOS BENS INMOBLES DA COMPAÑÍA FAMILIAR MÉNDEZ- FRANCO, 1829.

TIPO DE BENS	VALORACIÓN, rs.	PARTICIPACIÓN PORCENTUAL, %	EXTENSIÓN, ha	PARTICIPACIÓN PORCENTUAL, %
Casas	147.380	42,94		
Terra de cereais	21.897	6,38	2,16	15,21
Fábricas salazón sardiña	15.232	4,44		
Viñedo/fincas	17.676	5,15	1,36	9,58
Viñedo/granxa da Eyriña	37.618	10,96	1,09	7,68
Viñedo/granxa de Lourizán	21.548	6,28	1,39	9,79
Viñedo/granxa de Portosanto	11.832	3,45	0,50	3,52
Viñedo/total	88.674	25,84	4,34	30,57
Granxa Lourido (viñedo e piñeiral)	16.495	4,81	1,91	13,45
Monte	15.160	4,42	2,30	16,20
Mixto	38.322	11,17	3,49	24,57
TOTAL	343.160	100,00	14,20	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir de "Ynbentario dela herencia de D^a. Franca. Mendez, viuda de Dn. José Ramón Franco hecho pr. sus albaceas bajo las facultades que les concedio pr. su testamento, con la aprobacion dela autoridad y eleccion de tutores y curadores para el juicio divisorio, 1829". Prot. García, legaxo 1503 (1829). A.H.P.PO.

continuación. Os bens inmobles só supuña o 40% do seu patrimonio, tanto coma os préstamos, mantendo un importante vencellamento co campo aínda que dedicando a maior parte dos seus esforzos e intereses ás actividades comerciais e financeiras. A importancia da función de prestamistas é unha constante nas familias analizadas.

Dentro dos bens inmobles dos Franco (cadro II) os relacionados co viño acadaban un cuarto do valor total, incluíndo o valor das casas (un moi importante 42,94% do total). É dicir, o terreo a viñedo practicamente representa a metade dos bens inmobles dedicados á produción agrícola. Isto pensamos que pode levarnos a calificalos coma uns importantes colleiteiros. No mes de maio de 1829 os Franco aínda tiñan nas súas adegas 27,46 hl. de viño vello, o que da idea da cantidade que podían chegar a producir.

Na fonte non se menciona se estes bens agrícolas eran traballados directamente ou cedidos ós labregos. Tan só atopamos unha vaga referencia no reparto de bens entre os fillos de D. José Ramón Franco a que estes "estubieron en arriendo como de los trabajados por la casa"⁴. Isto semella excluír o contrato foral das prácticas habituais da familia, sobre todo se temos en conta que noutros inventarios sempre que os bens son cedidos en foro recóllese expresamente.

Polo que respecta ás viñas, cada un dos herdeiros debía entregar a Dona Juana Franco, una das dez fillas dos finados, 198 reas polos xornais e máis gastos ocasionados "p^a. la abilitacion de viñedos y mas cultura anexa ala cosecha"⁵.

Excluíndo as casas, bens por un valor do 65,19% do total das terras dos Franco tiñan que contribuír con algún tipo de pensión a directo dominio. Ocupaban 9,53 ha, o 67,11% do total.

Por último, D. José Ramón Franco posuía unha moi interesante biblioteca. A partir de ela catalogamos ó seu posuidor como un home preocupado pola cuestión relixiosa (31,11% dos libros), mais tamén polo estudo de idiomas (entre dicionarios e gramáticas o 17,78%); pola literatura (15,56%); pola historia (11,11%); pola xeografía (8,89%); polos acontecementos políticas da súa época, como non podía ser menos cun predominio absoluto da Revolución Francesa e dos tempos de Napoleón (6,67%) e mesmo polas boas artes culinarias (2,21%).

Realizando unha análise máis cualitativo observamos como D. José Ramón era un home fundamentalmente de cultura francesa. Debía coñecer perfectamente ese idioma pois o 15,56% dos títulos da súa biblioteca, sen ter en conta os dicionarios, estaban na lingua de Molière. Posuía unha gramática francesa en francés e unha gramática italiana tamén en francés. O interese polos idiomas ía máis alá ó recollese dicionarios francés-latín e francés-alemán.

Dentro da partida principal, a dos libros de relixión, tamén apreciamos a influencia francesa, cun "Novo Testamento" nese idioma e co "Catecismo histórico do abade La Frenle". Podemos especular con que o noso protagonista se vise influenciado por algún dos moitos relixiosos que escaparon a Galicia fuxindo da Revolución Francesa. Polo demais, destacar un exemplar do Concilio de Trento, un dicionario para a interpretación das Sagradas Escrituras e as cartas pastorais de Benedicto XIV, considerado un dos Papas máis importantes do século XVIII e que, mantendo o rigor doutrinal da Igrexa, concedeu privilexios moi amplos ós príncipes europeos nun contexto de despotismo ilustrado que levaba directamente ó triunfo do regalismo.

No apartado novela aparecen títulos como "As mil e unha noites" ou clásicos como "As aventuras de Telémaco" ou "A Eneida" de Virxilio.

No apartado política, ou actualidade, temos "A Revolución Francesa" de Francisco Gremans, un "Compendio anual de los sucesos de 1803" ou "A caída de Napoleón". Non sorprende que a comezos do século XIX os intereses políticos de D. José Ramón Franco fosen por estes derroteiros.

⁴ "Ynventario dela herencia de D^a. Franca. Mendez, viuda de Dn. José Ramón Franco hecho pr. sus albaceas bajo las facultades que les concedio pr. su testamento, con la aprobacion dela autoridad y eleccion de tutores y curadores para el juicio divisorio, 1829". Prot. García, legaxo 1503 (1829). A. H.P. PO.

⁵ Ibidem.

Por certo, no armario da súa casa principal aparece un uniforme da milicia nacional o que, en 1828, pensamos que se pode tomar coma unha proba de liberalismo político.

Un caso próximo ó dos Franco, pero á vez tamén moi distinto, é o dos Suárez Covián. A similitude radica na común dedicación ó comercio, neste caso de ferro. A diferenza está en que aínda que o capital dos Covián era superior ó dos Franco, sendo valorado en 1.282.084 reas de 1855, tiñan un capital pasivo, ou débedas, de 941.909 reas, ou sexa o 73,47% do total, o que deixaba un líquido a partir de só 340.175 reas. No cadro III observamos como este porcentaxe tan importante de débeda se vía en certa maneira compensado polas partidas de diñeiro en efectivo, débedas activas e pola letra que debía o Tesoureiro Provincial, ascendendo a valoración destes tres conceptos a 1.021.069 reas, o 79,64% da herdanza. Entre os principais acredores da herdanza estaban o Banco de San Fernando (529.502 reas, o 56,22% do total da débeda); D. Pedro Manuel Atocha, comerciante coruñés (97.752 reas, o 10,38%); D. Ygnacio Pérez (80.000 reas, o 8,49%); D. Felipe Revel, de Vigo (40.000, o 4,25%) ou os señores Valdeavellano e compañía, de Madrid (20.959, o 2,23%).

FONTE: Elaboración propia a partir de "Ynventario dela herencia de D. Bernardo Suárez Covián, 1855". Prot. García, legaxo 1528 (1855). A.H.P.PO.

As débedas activas representaban de novo boa parte da herdanza, o que nos permite afondar no argumento da importancia da función de prestamistas que posuían estas clases adiñeiradas.

En resumidas contas tres cuartas partes do inventariado non existían, se temos en conta que o diñeiro en metálico e as débedas activas debían ser destinadas ó pago das numerosas débedas pasivas de D. Bernardo Suárez de Covián.

CADRO III. RESUME XERAL DOS BENS DA FAMILIA SUÁREZ COVIÁN, 1855.

TIPO DE BENS	VALORACIÓN, en rs.	PARTICIPACIÓN PORCENTUAL, en %
Bens inmobles	197.824	15,43
Bens semoventes	2.527	0,20
Diñeiro en efectivo	672.607	52,46
Por unha letra cargo do Señor Tesoureiro provincial	200.000	15,60
Débedas activas	148.462	11,58
Enseres das casas	23.643	1,84
Mercancía (ferro)	12.601	0,98
Mercancía (rodas muíño)	9.739	0,76
Pola metade de dous galeóns	9.000	0,70
Frutos millo 1854	2.765	0,22
Frutos viño 1854	2.464	0,19
Frutos trigo 1854	352	0,03
Frutos centeo 1854	100	0,01
Total bens mobles	1.081.733	84,37
TOTAL	1.282.084	100,00

Do cuarto restante o 60% eran bens inmobles, sendo isto o que realmente herdaban os cinco fillos do matrimonio Suárez Covián- Varela Seijas. As roupas e mobles da Casa

aportaban o 7,36% deste cuarto, o ferro almacenado o 3,92%, outras mercadorías o 3,04%, a súa participación na propiedade de dous barcos o 2,80%, os distintos froitos dese ano de fame o 1,80% (dos cales o viño, en plena crise do oidium, o 0,76%) e a gandería o 0,80%.

No conxunto da herdanza de novo volve a predominar o capital circulante sobre o fixo, agora nunha proporción aínda maior que no caso dos Franco, aínda que quedando isto algo matizado pola mala saúde da economía familiar dos Suárez Covián.

FORTE: Elaboración propia a partir de "Ynventario dela herencia de D. Bernardo Suárez Covián, 1855". Prot. García, legaxo 1528 (1855). A.H.P.PO.

Nos bens inmobles (cadro IV) observamos como a súa valoración era moi inferior á fincabilidade dos Franco, sendo realizada ademais esta última 25 anos antes. O viñado volve a andar preto do 25% da valoración do patrimonio (20,66% neste caso, cun 12,23% da extensión) e centrase nunha única granxa de produción directa, a de San Mauro. De novo o viño non representa máis que un complemento para a economía familiar, aínda que cun peso relativo importante dentro da orientación agrícola dos Suárez Covián.

CADRO IV. DISTRIBUCIÓN DOS BENS INMOBLES DA FAMILIA SUÁREZ COVIÁN, 1855.

TIPO DE BENS	VALORACIÓN, rs.	PARTICIPACIÓN PORCENTUAL,%	EXTENSIÓN, ha	PARTICIPACIÓN PORCENTUAL, %
Casas	71.335	36,06	3,42	27,90
Terras de cereais	13.482	6,82	1,21	9,87
Viñado/Granxa de San Mauro	40.875	20,66	1,50	12,23
Monte	8.825	4,46	2,92	23,82
Mixto	22.695	11,47	3,12	25,45
Campos	1.582	0,80	0,09	0,73
Foros sen mencionar dedicación agrícola	39.030	19,13		
TOTAL	197.824	100,00	12,26	100,00

Unha novidade importante está nesas terras cedidas en foro ós labregos, que abren unha vía de alonxamento da produción directa ou do control estrito das terras a través dos arrendamentos. Nestes momentos supuña o 30,86% do valor total do patrimonio inmovle excluídas as casas. O 77,38% eran bens no entorno de Pontevedra, mentres que os restantes bens forais estaban en Pontedeume, seguramente en relación con algún enlace familiar.

Na familia Suárez Covián o porcentaxe de terras subforais baixa dun xeito forte con respecto á valoración (32,62% do total, fronte ó 65,19% dos Franco), pero non na extensión (73,87%, 67,11% nos Franco, sempre excluindo as casas).

No grupo de familias ligadas máis á terra temos ós Valladares. No nadal de 1855 realizouse o inventario dos bens de D. Martín Valladares, que testara en 1838. D. Martín de Valladares e Dona Manuela Rial tiveran tres fillos, dos cales un era presbítero, unha solteira e a outra estaba casada con D. Joaquín Paz. A escaseza do patrimonio non permitía grandes alardes xenealóxicas e obrigaba ós Valladares a seguir estratexias familiares que lles permitisen manter a súa precaria posición de privilexio.

No cadro V, onde resumimos a composición dos seus bens, atopamos fondas diferencias con respecto ós exemplos anteriores. En primeiro lugar a anterior superioridade dos bens mobles da paso a un predominio claro do capital fixo, das rendas, fincas e casas (72,88%). Desaparecen as inversións productivas. Só fan certa sombra á hexemonía dos bens inmobles o gando

cedido en parceria e as débedas activas, capítulo sempre importante nestes grupos que estamos analizando. Os labregos ós que se lle cedían terras debían bastantes cartos ós Valladares, o que concorda plenamente co forte contexto de crise⁶.

FONTE: Elaboración propia a partir de "Ynbentario dela herencia de D. Martín Valladares, 1855". Prot.

CADRO V. RESUME XERAL DOS BENS DA FAMILIA VALLADARES, 1855.

TIPO DE BENS	VALORACIÓN, en rs.	PARTICIPACIÓN PORCENTUAL, en %
Bens inmoables	88.183	63,90
Rendas	12.393	8,98
Gando en parceria	8.020	5,81
Débedas activas	24.245	17,57
Enseres das casas	2.136	1,55
Efectos e intereses	3.016	2,19
Total bens moables	41.790	21,31
TOTAL	137.993	100,00

García, legaxo 1528 (1855). A.H.P.PO.

A vocación productiva da familia abranguía o 75,94% das súas terras, estando as restantes aforadas. Coma no caso dos Suárez Covián só un 33,94% das súas propiedades tiñan procedencia subforal (referímonos á valoración, en extensión acadaban o 58,95%).

No cadro VI vemos como, outra vez, a explotación directa da vide acada valores cércanos ó 25%, esta vez o 23,41% se sumamos a granxa de Piñeiro e Ponte do Couto e diversas fincas soltas nas que tamén se plantaran cepas.

No que se refire á extensión, as 0,95 ha. de vide supuñan o 41,49% da extensión traballada polos Valladares, estando aínda así lonxe das 1,50 ha. que lle dedicaban os Suárez Covián (12,23%, mais este é un dato sesgado ó entrar nesta familia as casas cunha porcentaxe do 27,90%) e, sobre todo, das 4,34 ha. dos Franco (30,57%, con 2,30 ha. a monte -sen contar que nos terreos mixtos entraban árbores ou toxos xunto a cereais ou vides-, explicándose esta importante cantidade porque non só servía para complementar as vides da familia, senón que tamén se empregaba a madeira nas iniciativas empresariais relativas á industria da salazón).

⁶ Son varias as obras que mostran as dificultades dos propietarios para cobrar as rendas nos anos do oidium (Villares, 1992, 192; Domínguez Castro, 1992, 164). De Juana e Limia Jardón amosan a conflictividade e a tensión social que existía nestes anos a través dos xuízos de paz, que xiran case sempre en torno ó non pago das rendas (De Juana e Limia Jardón, 1980

**CADRO IV. DISTRIBUCIÓN DOS BENS INMOBLES
DA FAMILIA VALLADARES, 1855.**

TIPO DE BENS	VALORACIÓN, rs.	PARTICIPACIÓN PORCENTUAL,%	EXTENSIÓN, ha	PARTICIPACIÓN PORCENTUAL, %
Casas	50.290	50,20		
Terras de cereais	6.040	6,03	0,50	21,83
Viñedo/fincas	2.420	2,42	0,31	13,54
Viñedo/Granxa de	21.030	20,99	0,64	27,95
Piñeiro e Ponte do Couto				
Monte	640	0,63	0,06	2,62
Mixto ou descoñecido	19.766	19,73	0,78	34,06
TOTAL	100.186	100	2,29	100

FONTE: Elaboración propia a partir de "Inventario de la herencia de D. Martín Valladares, 1855". Prot. García, legajo 1528 (1855). A.H.P.PO.

Para concluir, dicir que as familias burguesas de Pontevedra analizadas posuían como característica fundamental a diversificación de actividades económicas. Nos dous primeiros casos o comercio e a industria eran os ámbitos que interesaban primordialmente, mais non por iso se perdía o vencellamento co campo. Aquí é onde se situaba a vocación vinícola dos nosos protagonistas. Sen ser moi importantes as granxas de produción directa de viñedo si que habían de servir para participar dun xeito forte no comercio dese produto ó ser este, como vimos nas primeiras páxinas deste breve estudio, un produto en recesión entre os labregos da zona, máis orientados cara á produción de cereais ó chegarse ó momento culminante de expansión demográfica dentro das estruturas do Antigo Réxime.

BIBLIOGRAFÍA CITADA.

- ANES ÁLVAREZ, Gonzalo, 1967, "Las crisis vitícolas. Cosechas, diezmos y precios en la comarca aviense: resultados de una primera confrontación", *Boletín de la Universidad de Santiago*, número 75- 76, pp. 251- 268.
- BARREIRO MALLÓN, Baudilio, 1972, *La Jurisdicción de Xallas a lo largo del siglo XVIII. Población, sociedad y economía*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela.
- BOUHIER, Abel, 1979, *La Galie Essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agraire*, París, La Roche sur Yon.
- CASARES RODRIGO, Antonio, 1843, *Observaciones sobre el cultivo de la vid en Galicia*, Santiago.
- DE JUANA LÓPEZ, Jesús e LIMIA JARDÓN, Francisco Javier, 1980, "Aproximación histórica a la Ribadavia del siglo XIX", *Boletín Auriense*, X, pp. 131- 179.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, Luís, 1992, *Viños, viñas e xentes do Ribeiro*, Vigo, Xerais.
- 1995, "Reflexións en torno ás crisis vitícolas do Ribeiro contemporáneo", en *Anexo VIII Xornadas de Historia de Galicia. Aspectos Históricos de Ourense*, Ourense, Diputación Provincial de Ourense, pp. 197-213.
- EIRAS ROEL, Antonio, 1987, "Las cuentas de la granja cisterciense de Oleiros: un intento de aproximación a la coyuntura agraria del Miño medio en el siglo XVIII", *Jubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*, Santiago, pp. 257-272.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, Jesús, 1975, *Organización del espacio y economía en la España Atlántica*, Madrid, Siglo XXI.
- GARCÍA LOMBARDEIRO, Jesús, 1973, *La agricultura y el estancamiento económico en la Galicia del Antiguo Régimen*, Madrid, Siglo XXI.
- HUETZ DE LEMPS, Alain, 1967, *Vignobles e vins du Nord-Ouest de L'Espagne*, Burdeos, Feret et Fils.
- LABROUSSE, E., 1973, *Fluctuaciones económicas e historia social*, Madrid.
- LUCAS LABRADA, J., 1971, *Descripción económica del Reino de Galicia*, Vigo, Galaxia.
- MEIJIDE PARDO, Antonio, 1961, "La viticultura gallega en el siglo XVIII", *Revista de Economía de Galicia*, número 23-24, pp. 52-63.
- PÉREZ GARCÍA, José Manuel, 1979, *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: la península del Salnés (jurisdicción de La Lanzada)*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela. Departamento de Historia Moderna.
- REY CASTELAO, Ofelia, 1981, *Aproximación a la historia rural de la comarca del Ulla (siglos XVII e XVIII)*, Santiago.
- RIONEGRO FARIÑA, Isolina, 1992, "El priorato de Santa Cruz de Arrabaldo de 1750 a 1835. Estudio económico", *Minus*, I, pp. 137- 156.
- RODRÍGUEZ FERREIRO, H., 1973, *La tierra de Trasdeza, una economía rural antigua*, Santiago de Compostela.
- 1981, *Economía y población en la Galie atlántica. La jurisdicción del Morrazo en los siglos XVII y XVIII. Tese de doutoramento inédita*, Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé e DOPICO G. DEL ARROYO, Fausto, 1978, "A crise do viñedo a mediados do século XIX e os problemas de monetización da economía galega", *Grial*, número 62, pp. 392-402.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto, 1985, *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Santiago.
- 1992, "La economía vitícola en la Galicia del Antiguo Régimen", *Agricultura y Sociedad*, número 62, pp. 111- 166.
- SANTOS SOLLA, José Manuel, 1992, *Geografía de la vid y el vino en Galicia*, Vigo, Diputación Provincial de Pontevedra.
- VILAR, P., 1962, *La Catalogne dans l'Espagne Moderne. Recherches sur les fondements économiques des structures nationales*, París.
- VILLARES, Ramón, 1982, *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.